

INFORME SOBRE A “ENQUISA COA DOCENCIA E OS EXAMES DO 2º SEMESTRE DO GRAO” (CURSO 2021/22)

Obxectivo

A docencia no presente curso volveu ser completamente presencial despois das obrigadas adaptacións que houbo que facer nos cursos precedentes a causa da pandemia.

O equipo decanal considerou relevante coñecer a opinión do alumnado sobre a volta á presencialidade e detectar posibles deficiencias.

Desenvolvemento


Planificouse unha enquisa xeral, dirixida a todo o alumnado, tanto do Grao en Química como dos Dobres Graos que se imparten na Facultade.

A enquisa recolleuse virtualmente (SurveyMonkey) no mes de xullo de 2022, unha vez rematado o período lectivo do segundo semestre.

A enquisa constaba de 6 preguntas e a poboación global á que se dirixiu aos alumnos do Grado en Química, así como os de Dobre Grado en Química e Bioloxía e os de Dobre Grado en Física e Química.

Análise de resultados

1. A primeira pregunta era sobre o grao que se cursou neste curso 2021/22. Os resultados obtidos na enquisa pódense ver a continuación:




A porcentaxe global de participación foi do 10% (48 alumnos sobre un total de 486). A participación máis baixa dáse no 1º e no 2º curso, con pouco máis dun 5%. A máis alta dáse en 4º curso con máis dun 15% de participación.

Os participantes cursan maioritariamente o Grao en Química (GQ). Apenas hai participantes dos Dobres Graos.

As enquisas de 3º e 4º curso recollen participantes doutros cursos, ben repetidores ou ben algún alumno dos dobres graos.


2. A segunda pregunta estaba relacionada coa satisfacción da docencia de clase expositiva recibida neste semestre. Os resultados obtidos na enquisa móstranse a continuación:



En canto a satisfacción coa docencia de clase expositiva, os mellores resultados acádanse no primeiro curso, onde un 50% das respostas teñen unha puntuación de 4/5 (boa), mentres que os alumnos máis descontentos corresponden a 2º curso onde un 37,5% das respostas teñen unha puntuación de 1/5 (moi deficiente).

A nota media da satisfacción sería de 2,8 (escala de 1 a 5), sendo os de primeiro curso os que teñen unha mellor valoración (3,4) e os de segundo curso os que teñen unha peor valoración (2,3).

3. A terceira pregunta estaba relacionada coa satisfacción da docencia de laboratorio recibida neste semestre. Os resultados obtidos na enquisa pódense ver a continuación:




En canto a satisfacción coa docencia de clase de laboratorio, a satisfacción en xeral é alta, os mellores resultados acádanse no cuarto curso, onde case un 50% das respostas teñen unha puntuación de 5/5 (inmellorable), mentres que os alumnos máis descontentos volven a corresponder a 2º curso onde un 10% das respostas teñen unha puntuación de 1/5 (moi deficiente).

A nota media da satisfacción sería de 3,9 (escala de 1 a 5), sendo os de cuarto curso os que teñen unha mellor valoración (4,1) e os de segundo curso os que teñen unha peor valoración (2,9). As valoracións de primeiro curso e de terceiro curso son moi semellantes, cunha valoración media de 3,4 e de 3,3, respectivamente.


Estas respostas seguramente non son concluíntes porque a participación na enquisa non é alta, pero móstrase unha maior satisfacción coa docencia recibida nas clases de laboratorio respecto da recibida nas clases expositivas en tódolos cursos.

4. A cuarta pregunta era ata que punto afectou ao teu rendemento neste semestre o ter recibido docencia semipresencial nos anteriores e, en xeral, os efectos da pandemia na impartición das clases. Os resultados móstranse a continuación:




Segundo se recolle das respostas á pregunta 4, o alumnado considera maioritariamente que a docencia semipresencial e os efectos xerais da pandemia nos cursos anteriores non lle afectou moi negativamente ao seu rendemento neste segundo semestre. Así, a valoración 5/5 (moito) é só dun 10% en 1º, 2º e 3º cursos (12,5%, 12,5%, 12,5%, respectivamente). O alumnado de primeiro parece que non se considera moi afectado (60% de valoración 1/5) aínda que as súas respostas refírense ao primeiro semestre e aos cursos do bacharelato. Os alumnos máis afectados son os de 4º curso, cunha valoración 5/5 (moito) dun 23,5% das enquisas.

5. A quinta pregunta: “Se debido a algún incidente xustificicado non puidesches acudir ao exame presencial. Estás satisfeita/o coa solución que se che deu?”. As respostas obtidas para os diferentes cursos móstranse a continuación:



Con respecto aos exames, a gran maioría puido facelos nas datas oficiais e os que tiveron algún problema están satisfeitos ao 100% coa solución que se lles deu en canto ao 1º e 3º cursos, só un 15% de 4º curso non están satisfeitos, Se embargo, en 2º curso a situación e totalmente oposta pois o 100% non están satisfeitos coa solución que se lles deu.

6. A sexta pregunta tiña como fin detectar a asistencia ás clases presenciais. “Asistiches a máis do 80% das clases expositivas durante o primeiro semestre?”



En canto a asistencia a clase, a gran maioría do alumnado que participou na enquisa afirma asistir regularmente, sendo a menor asistencia no 3º curso. Os que non o fixeron alegan como razóns, maioritariamente, que as clases expositivas consisten simplemente en ler as diapositivas ou non responden ao que se lles preguntan logo nos exames. Estas respostas seguramente non son concluíntes porque a participación na enquisa non é alta, e probablemente o alumnado que respondeu si que asiste as clases, mentres que o que non asiste tampouco respondeu.

Santiago de Compostela a 26 de xullo de 2022

Mercedes Parajó Montes
Coordinadora de Calidade da Facultade de Química